

"Un novo lugar, unha nova lingua"

**Conto: Unha nova compañeira
chega ó colexio.**



Seminario Permanente: “Iniciación á lingua galega para o alumnado inmigrante”.

**Autoras: Blanco Díez, M^a de la Oliva
Fernández Valiño, Ana M^aPérez
Lodeiro, M^a Silvia**

CAPÍTULO 1

UNHA NOVA COMPAÑEIRA CHEGA Ó COLEXIO



Ola amigos, son María! Vouvos contar unha pequena historia. Trátase da nova vida que empezou para mín e a miña amiga Javiera. Ela veu a vivir á nosa aldea hai uns meses e pasáronnos moitas cousas interesantes e bonitas. Ademais, tivo que aprender a falar coma nós, posto que ela é doutro país e non coñecía o galego, que é a lingua que falamos todos aquí.

Todo empezou un luns pola mañá. Eu saía da miña casa para ir ó colexio coma tódolos días. Dinlle un bico a miña nai e marchei para a escola co meu irmán maior. Cando pechábamo-la porta da casa, vin saír da casa de enfronte a unha nena que non coñecía Ela ía cun señor. Eu dixen “bos días”, pero eles non me dixeron nada. Só miraron para nós.



Iamos camiño do colexio, cando ó volverme vin que a nena viña detrás de mín con ese descoñecido. Torcín a esquina e pensei que xa non me seguiría, pero volví a mirar e aí viña ela. Entrei no cole e ela continuaba seguindo o meu camiño. De súpeto perdina de vista. As clases empezaron, cando de pronto escoitei que chamaban á porta ;toc, toc, toc!.

Adiante! – dixo a miña titora-.

A porta abriuse e... eran eles!. Seguíronme ata a miña clase. Xa tiña medo ata que a mestra dixo:

- Rapaces, esta é Javiera. Unha nova compañeira. Ela é de Chile. E non fala galego.



Agora entendín por que non me contestou cando pola mañá lle dixen “bos días”. E cal sería a miña sorpresa que Javiera tivo que sentarse ó meu carón, xa que eu non tiña compañeiro ata entón. Todo o medo que tiña de que me seguisen desapareceu e

converteuse en alegrías, xa que por fin ía deixar de estar soa. Ela non entendía case nada, pero eu encargárame de ensinarlle todo o que puidera. E así empecei presentándome:

- Ola, eu son María. Como te chamas ti?



Unha vez que xa sabíamos os nosos nomes, a mestra pedíame que lle ensinara a Javiera a nosa clase.

Javiera, ven comigo. Vouche ensinar o armario onde gardamos o material.

A mañá pasou voando, e cando me din conta chegou a hora do recreo. A mestra encargoume que lle ensinara o resto do colexio á nova compañeira. Foi un día estupendo!

